# SENDA LITORAL DE BOIRO (SA 1503)




**Información xeral**
**Información general**

| | |
|---|---|
| Lonxitude: 7.47 km | Longitud: 7.47 km |
| Duración estimada: 2 h 20´´ | Duración estimada:2h 20´ |
| Dificultade: Media | Dificultad: Media |







## LENDA/ LEYENDA

- WC — Aseos/Aseos
- Fonte/Fuente
- Paseo marítimo/Paseo marítimo
- Merendeiro/Merendero
- Información/Información
- Aseos PMR/Aseos PMR
- Papeleiras/Papeleras
- Illa de reciclaxe/Isla reciclaje
- Restaurante/Restaurante
- SOS/SOS
- Parada/Parada de autobús
- Observatorio/Observatorio de aves
- Aparcadoiro/Aparcamiento
- Aparcadoiro PMR/Aparcamiento PMR

ADEAC Fee · GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE · Fundación Biodiversidad

# SENDA DO LITORAL DE BOIRO (SA 1503)

La ruta litoral de Boiro donde el paisaje, la biodiversidad y la tradición marinera se combinan para mostrar al visitante la forma de vida local caracterizada por el uso y respeto de sus recursos naturales. Comenzamos la ruta en la zona portuaria de Cabo de Cruz destacando elementos patrimoniales como el Castro de O Achadizo, el Peirao Vello y el Hórreo dos Carreró. Podemos observar la evolución de este enclave marinero a través de sus dos muelles y recrearnos en las bellas vistas de la Ría de Arousa con la Sierra do Barbanza al fondo. Seguimos nuestro paseo bordeando la playa Ribeira Grande, de colorista fachada marítima, para adentrarnos en el núcleo marinero de Banda O Río. Este nos conducirá hasta Punta Piñeirón, donde podremos apreciar las formaciones geológicas del granito característico de la zona y contemplar el crucero conmemorativo de la Ruta Xacobea del Mar de Arousa-Ulla. Continuaremos hacia el Complexo Húmido e Sistema Dunar de Carragueiros formado por una marisma y una franja arenosa que cierra un humedal y que contiene ecosistemas de interés comunitario. Ya en el paseo marítimo de madera que atraviesa la playa de Carragueiros llegamos a la playa de A Retorta, unida a ésta por un tómbolo conocido como Os Baos. En A Retorta, podemos ver la Illa da Bensa y el aprovechamiento marinero que se hace de una laguna salada. Seguimos la senda, hasta llegar a la Punta del Chazo, testigo del naufragio del «Cabo Razo» ocurrido a mediados del siglo XX y que tuvo una gran repercusión en la comarca. Continuamos el paseo hasta la Playa de Ladeira do Chazo siguiendo el trazado del antiguo Camino Sacramental de O Frean que discurre a través de campos de cultivo y viñedos con sus tradicionales cierres de piedra hasta desembocar nuevamente en el Complexo Húmedo e Sistema Dunar de Carragueiros. Conviene hacer una parada para observar las aves acuáticas que frecuentan sus lagunas (ánades, cercetas, gallinetas) e identificar la variada flora típica de este tipo de ecosistemas lacustres (lirio amarillo, juncos, linarias) y ecosistemas dunares (liliáceas, prímulas, gramíneas, etc). Se aconseja realizar esta visita en las diferentes estaciones para observar distintas especies. El último tramo discurre por campos de cultivo tradicionales y atravesando el núcleo marinero de Pesqueira volvemos al punto de partida.

A ruta litoral de Boiro onde a paisaxe, a biodiversidade e a tradición mariñeira combínanse para amosarlle ao visitante a forma de vida local caracterizada polo uso e respecto dos seus recursos naturais. Comezaremos a ruta na zona portuaria de Cabo de Cruz destacando elementos patrimoniais coma o Castro do Achadizo, o Peirao Vello e o Hórreo dos Carreró. Podemos observar a evolución deste enclave mariñeiro a través dos seus peiraos e recreármonos nas fermosas vistas da Ría de Arousa coa Serra do Barbanza ao fondo. Seguiremos o noso paseo percorrendo a praia da Ribeira Grande, de colorista fachada marítima, para internármonos no núcleo mariñeiro de Banda O Río. Este conduciranos ata a Punta Piñeirón, onde poderemos apreciar as formacións xeolóxicas do granito característico da zona e admirar o cruceiro conmemorativo da Ruta Xacobea do Mar de Arousa-Ulla. Continuamos cara ao Complexo Húmido e Sistema Dunar de Carragueiros formado por unha marisma e unha franxa areosa que pecha un tremedal e que contén ecosistemas de interese comunitario. Xa no paseo marítimo de madeira que atravesa a praia de Carragueiros chegamos ata a praia da Retorta, unida a esta por un tómbolo coñecido como Os Baos. Na Retorta podemos ver a Illa da Bensa e o aproveitamento mariñeiro que se fai da lagoa salgada. Seguiremos a senda, ata chegar á Punta do Chazo, testemuña do naufraxio do «Cabo Razo» que tivo lugar a mediados do século XX e de gran repercusión na bisbarra. Continuamos o paseo ata a praia da Ladeira do Chazo seguindo o trazado do antigo Camiño Sacramental do Frean que discorre a través de campos de cultivo e viñas, cos seus tradicionais peches de pedra, ata desembocar novamente no Complexo Húmido e Sistema Dunar de Carragueiros. Cómpre facer unha parada para observar as aves acuáticas que frecuentan as lagoas (lavancos, cercetas, galiñolas) e identificar a variada flora típica deste tipo de ecosistemas lacustres (lirios amarelos, xuncos, linarias) e ecosistemas dunares (liliáceas, prímulas, gramíneas, etc). Aconséllase realizar esta visita nas diferentes estacións do ano para observar as distintas especies. O último tramo do percorrido discorre polos campos de cultivo tradicionais e se atravesamos o núcleo mariñeiro de Pesqueira volveremos ao punto de partida.


Os Baos


Cercetas. Complexo húmido de Carragueiros


Complexo húmido de Carragueiros


Castro do Achadizo

**Información xeral**

**Información ganeral**

| | |
|---|---|
| Lonxitude: 7.47 km | Longitud: 7.47 km |
| Duración estimada: 2 h 20 ¨ | Duración estimada:2h 20´ |
| Dificultade: Media | Dificultad: Media |

**Teléfonos de interese**

**Teléfonos de interés**

| | |
|---|---|
| Emerxencias<br>Emergencias | 112 |
| Policía Local<br>Policía Local | 981848484 |
| Bombeiros<br>Bomberos | 080 |
| Concello<br>Ayuntamiento | 981844800 |

## Educación ambiental
Educación ambiental

Colabora coa limpeza da senda.

Colabora con la limpieza del sendero

Separa os residuos nos colectores adecuados.

Separa los residuros en los contenedores adecuados.

Respecta a flora e a fauna.

Respeta la flora y la fauna.

Prohibido o uso de vehículos a motor.

Prohibido el uso de vehículos a motor.

Concello de Boiro

www.boiro.org